



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

BASES XERAIS DE REGULACIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN MUNICIPAIS PARA O ANO 2019

1. Normativa

1.1. O prazo de solicitude de inscrición nos campamentos establécese do seguinte xeito:

- Solicitude de inscrición: do 3 ao 14 de xuño (ambos inclusive).
- Sorteio: 17 de xuño (diante da Secretaría municipal no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles)
- Período de pagamento da taxa (**previa confirmación da praza**): do 18 ao 20 de xuño (ambos inclusive)

1.2. Para solicitar a inscrición nos campamentos de verán deberá cubrir o formulario específico de solicitude e presentalo do seguinte xeito:

- De xeito presencial no rexistro de entrada do Concello de Muros (Casa do Concello)
- A través da sede electrónica do Concello de Muros, muros.sedelectronica.gal

O formulario de solicitude poderá descargarse da web do Concello de Muros, www.muros.gal, ou directamente na sede electrónica, muros.sedelectronica.gal

1.3. A persoa solicitante só poderá participar nunha soa quenda (no caso de que houbera prazas sobrantes noutras estudarase a súa inclusión) e cada unha destas contará cun número mínimo de 10 e un máximo de 50 alumnos/as.

1.4. A adxudicación pode ser:

Directa, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles en cada quenda.

Por sorteo, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles en cada quenda.

Así mesmo, dará lugar a unha lista de espera para cada unha das quendas.

1.5. As quendas e idades establécense do seguinte xeito:

- Muros: nados/as nos anos 2013/2012/2011 do 15 ao 26 de xullo.
- Muros: nados/as nos anos 2010/2009/2008 do 12 ao 23 de agosto.

Concello de Muros

C/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tfno. 981 826 050. Fax: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

- Esteiro: nados/as nos anos 2013/2012/2011 do 1 ao 12 de xullo.
- Esteiro: nados/as nos anos 2010/2009/2008 do 29 de xullo ao 9 de agosto.

1.6. Horario do campamento: de 10.30 h - 13.30 h de luns a venres na quenda que corresponda (os días festivos non terá lugar a actividade).

1.7. Lugares:

- Muros: pavillón de Miraflores
- Esteiro: pavillón Xosé Lago

1.8. Información:

- Centro Cultural e Xuvenil de Muros: 981 762 294

2. Requisitos

2.1. Para poder asistir aos campamentos é preciso:

- Nacer nalgún dos anos correspondentes ás diferentes quendas.
- Non padecer ningunha enfermidade que lle impida practicar deporte.

2.2. O pai, nai ou titor/a deberá cumprimentar a pertinente autorización de participación nos cursos.

2.3. Calquera circunstancia que non apareza nestas bases será tratada de maneira individual, previa solicitude da persoa interesada (así como calquera circunstancia de carácter especial que se puidera producir).

2.4. No caso de que o/a neno/a padeza algunha necesidade especial farase constar na solicitude de participación.

3. Actividades

3.1. Sendeirismo, dinámicas de grupo, xogos, visitas ás diferentes praias, multideporte, obradoiros de reciclaxe e de carácter ambiental...

4. Equipo recomendado

- Equipamento deportivo: gorra, suadoiro, camiseta deportiva, pantalóns curtos, zapatillas cómodas, traxe de baño...
- Toalla
- Anteollos para o sol

Concello de Muros

C/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tfno. 981 826 050. Fax: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

- Crema para o sol, factor de protección alto
- Mochila pequena
- Botella de auga e unha pequena merenda para a media mañá